



Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación deportiva galega de Piragüismo para levar a cabo as actividades de mantemento, conservación e funcionamento do Complexo Náutico e Campo de Regatas de Verducido-David Cal (Pontevedra)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Subdirectora xeral de Plans e Programas, da Secretaría Xeral para o Deporte,
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral para o Deporte formalizou coa Federación deportiva galega de Piragüismo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 04 de xuño de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O permiso de ocupación temporal do Complexo Náutico e Campo de Regatas de Verducido-David Cal (Pontevedra) a favor da Federación Galega de Piragüismo, coa finalidade de que a Federación de Piragüismo desenvolva no complexo de Verducido os programas de iniciación, tecnificación, rendemento de alto nivel dos deportistas galegos desa modalidade deportiva co obxectivo de proxectalos á elite mundial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Establecer as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Piragüismo, para os efectos da articulación da concesión directa dunha subvención á citada Federación para a realización das actividades de mantemento e conservación do Complexo Náutico e Campo de Regatas de Verducido-David Cal (Pontevedra) así como os gastos de funcionamento destas instalacións, en base á cesión de uso outorgada pola Secretaría Xeral para o Deporte á citada Federación.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a nove de decembro de 2016

